

CONGRESO CONCELLOS 20_30

11-12
ABRIL
2024

📍 Feira Internacional
de Galicia ABANCA,
Silleda (Pontevedra)

A Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga

*Unha ferramenta estratéxica para a
profesionalización da xestión da auga*


Gonzalo Mosqueira Martínez
Xerente de Augas de Galicia

Contido:

- Estratexia de Augas de Galicia na profesionalización da xestión da auga.
 - Visión
 - Retos na profesionalización da xestión da auga
 - Accións e camiño percorrido ata o de agora.
- A nova Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga:
 - Disposición **xerais**
 - Medidas de **ordenación** da xestión do CIA
 - Medidas de mellora da **prestación** dos servizos
 - Medidas de **apoio** á xestión do CIA: Modelo de prestación voluntaria por Augas de Galicia

A profesionalización da xestión da auga ten que incorporar unha **visión integral da xestión da auga**, que contemple todas as fases do ciclo da auga, do ciclo natural e dos ecosistemas asociados e do ciclo do seu uso (captación, tratamento, distribución, uso, recollida, depuración e devolución ao medio).

Esa visión ten que ser trasladada a todos os ámbitos da xestión: **planificación, ordenación, programación de actuacións, execución, explotación**, etc. e a todos os **axentes involucrados** e á **sociedade en xeral**.



A **escaseza da auga** é un dos principais desafíos da xestión deste recurso en Galicia. O **cambio climático** e o **aumento da demanda** poñen en risco a dispoñibilidade futura. A xestión dos **eventos extremos** relacionados coa auga dificultan a toma de decisións. Por elo, resulta fundamental implementar **medidas de xestión eficientes** e promover o **uso responsable** da auga, tanto no ámbito doméstico como na industria e na agricultura.



A **calidade da auga** é outro dos grandes retos de futuro. A contaminación de fontes naturais e a presenza de produtos químicos afecta á saúde humana e aos ecosistemas acuáticos. Por elo, requírese unha **monitorización constante** e a implementación de **tecnoloxías avanzadas** de tratamento para garantir a calidade da auga e preservar os ecosistemas acuáticos.

A **distribución e a xestión equitativa** da auga é un desafío para garantir o acceso a este recurso básico. En Galicia existen dificultades para que os servizos que se prestan no ámbito da auga sexan similares nas **áreas urbanas** e nas **áreas rurais**. É, polo tanto, necesario abordar políticas que fomenten a implantación de **alternativas de xestión eficientes**, especialmente en comunidades rurais e vulnerables.

A **participación cidadá** é clave na xestión da auga e un reto de futuro. É fundamental fomentar a **conciencia e responsabilidade** da poboación no **uso sostible** da auga. Promover a **educación ambiental**, a colaboración entre diferentes actores e a posta en parta de **políticas participativas** fortalecerá a xestión da auga en Galicia. Ademais, a **colaboración** entre os **diferentes actores** e as distintas **administracións involucradas**, é primordial para acadar unha xestión da auga eficiente e equitativa.



O cambio climático, a escaseza de recursos para satisfacer todas unhas demandas crecentes, a necesidade de mellorar o estado dos nosos ecosistemas acuáticos como estratexia para protexer os nosos recursos hídricos, a distribución equitativa dos recursos, a participación cidadá e a colaboración entre actores requiren dunha elevada **profesionalización na xestión da auga**, que se ten que apoiar nos avances tecnolóxicos e na innovación.

A creación dun **ecosistema profesional de xestión** da auga ten que basearse na **monitorización**, o **tratamento** e **reutilización** da auga, a redución de **perdas nas redes** de abastecemento, a optimización da xestión das **augas pluviais e augas brancas**. Estes son aspectos clave que esixen profundos coñecementos e o desenvolvemento de habilidades específicas. O uso de **sensores** especializada, **modelos predictivos** e **sistemas intelixentes** permitirán unha mellor **toma de decisións** na xestión do ciclo integral da auga e un uso máis eficiente dos recursos hídricos.

Promover un **sector profesional de xestores da auga** con sólida formación e con **habilidades** suficientes para aproveitar as vantaxes tecnolóxicas que se desenvolven é un desafío que unha administración responsable como Augas de Galicia ten que abordar, como aval para **ofrecer aos galegos do presente e do futuro un modelo de xestión de auga sostible e acorde ás súas necesidades**.

Sist. Saneamento e depuración

Concello 1

Capacidade EDAR?



Cumprimento?
Calidade masas de auga?
Responsabilidades?

Concello 2



Concello 3



Estado instalacións?

Entradas auga

Entradas auga

Alivios


Alivios

Control vertidos?

Entradas auga

Permisos vertido?
Control vertidos?

Sist. abastecemento





Disposicións xerais para establecer a regulación posterior: obxecto, ámbito de aplicación, definicións, finalidades e principios.

Administración pública titular de infraestruturas

Quen ostenta a titularidade dominical dalgunha das infraestruturas ou instalacións necesarias para a xestión do ciclo integral da auga.

Titular:

- Inscrito rexistro propiedade
- Acreditada con instrumentos xurídicos válidos
- Beneficiaria de auxilios económicos
- Explotando > 10 anos consecutivos
- Titulares en inventarios de bens
- Concellos onde se localicen

Administración pública responsable dos servizos

Quen ostenta a competencia para prestar os distintos servizos vinculados ao ciclo integral da auga, conforme ao disposto na Lei de bases do réxime local, e na Lei de augas de Galicia.

Entidade pública prestadora dos servizos


Entidade pública que xestiona infraestruturas e presta determinados servizos vinculados ao ciclo integral da auga, sen modificar titularidade ou competencia.

Entidade beneficiaria

Administración pública responsable dos servizos que, sen ser titular dunhas infraestruturas vinculadas ao ciclo integral da auga, está conectada a estas e resulta beneficiada da xestión ou da prestación dos servizos que efectúan outras administracións.

Concello 1

Titular ETAP → Estado
Responsable servizos → Concello
Prestadora servizos → Concello



Concello 2

Titular ETAP → Concello
Responsable servizos → Consorcio 2,3
Prestadora servizos → Concellos



Concello 3



Disposicións xerais para establecer a regulación posterior: obxecto, ámbito de aplicación, definicións, finalidades e principios.

Aglomeración urbana

Zona xeográfica formada por un ou varios concellos, ou por parte dun ou varios deles, que pola súa poboación ou actividade económica constitúa un foco de xeración de augas residuais que xustifique a súa recollida e condución a unha instalación de tratamento ou a un punto de vertido final.

Ente público representativo dos municipios

Administración pública á que corresponde, no marco dunha aglomeración urbana, o cumprimento das obrigas derivadas do tratamento das augas residuais urbanas e a asunción, no seu caso, das responsabilidades derivadas do incumprimento das mesmas

Medidas de ordenación, mellor coordinación entre administracións competentes, máis coñecemento da xestión, mellorar infraestruturas e o cumprimento dos parámetros.


Fixar aglomeracións urbanas de Galicia



Unha única aglomeración urbana.

Ente público representativo dos concellos:

- Concello de maior poboación
- Entidade pública prestadora dos servizos



Concello 1

Concello 3

Concello 2

Medidas de ordenación, mellor coordinación entre administracións competentes, mais coñecemento da xestión, mellorar infraestruturas e o cumprimento dos parámetros.

Obrigas de Augas de Galicia

- **Control analítico** EDARs
- Información sobre **caudais circulantes**.
- Información sobre **adecuación** de vertidos e instalacións **á lexislación**.
 - **Notificación** ao ente público representativo dos municipios con periodicidade mínima bienal.

Obrigas dos responsables

- **Cumprimento da normativa**.
- En caso de incumprimento ou risco de incumprimento, o Ente público representativo (EPR) en 2 meses
 - **Programa de acción**
 - **Actuacións necesarias**
 - **Prazo e orzamento**
 - **Custo repartido por responsabilidades**


Medidas de ordenación, mellor coordinación entre administracións competentes, máis coñecemento da xestión, mellorar infraestruturas e o cumprimento dos parámetros.

Obrigas de Augas de Galicia

- Directrices:
 - Directrices para a redacción dos plans de **control de vertidos á rede** de colectores
 - Directrices para o saneamento e depuración en **pequenos núcleos de poboación**
 - Directrices para a optimización da **xestión das augas pluviais**
- Informes dos plans dos EPR.

Obrigas dos responsables

- **Titular de infraestruturas** → Revisión periódica
- **ARS < 2.000 hab. equiv.** → Fomento depuración extensiva
- **ARS > 2.000 hab. equiv.** →
 - Plan anual de control de vertidos á rede
 - Adaptación para recollida de foxas sépticas domésticas
 - Plan redución entrada augas brancas
- **ARS > 2.000 hab. equiv.** → caudalímetros en EDAR e en puntos de cambio de administración



Medidas de ordenación, mellor coordinación entre administracións competentes, máis coñecemento da xestión, mellorar infraestruturas e o cumprimento dos parámetros.

Obrigas de Augas de Galicia

- Directrices para a **mellora enerxética** das instalacións de abastecemento, saneamento e depuración en Galicia
- Informes dos plans.
- **Inventario** dos sistemas de saneamento e depuración existentes en Galicia
- Programa de **formación periódica e continua**

Obrigas dos responsables

- **Titular de infraestruturas** → Revisión periódica
- **Sistemas > 20.000 hab.** → Sectorización de redes
- **Sistemas > 20.000 hab. equiv. / 20.000 hab.**
→
 - plan de optimización da eficiencia enerxética

Medidas para mellorar a prestación dos servizos.

- Fomento da prestación conxunta dos servizos vinculados o uso da auga (ciclo integral)
- En concellos <20.000 habitantes → prestación coordinada pola deputación provincial
- As administracións responsables → asegurar a calidade dos servizos.

Obxectivos

- Viabilidade económica - financeira
- Protección y reposición de infraestruturas
- Innovación
- Redución de caudais → Sectorización, medición e control
- Participación, información

Sustentabilidade e viabilidade económica

- Recuperación de custos: ambientais, recurso e xestión
- Xestión: Amortización infraest. + explotación, protección e mantemento
- Contabilidade separada

Calidade dos servizos

- Cumprimento de parámetros
- Mantemento da presión e ausencia de cortes nas redes
- Xestión augas brancas/pluviais
- Conservación e mantemento das infraestruturas
- Supramunicipal → mecanismo colaborac. prestación coord.

Medidas de apoio aos concellos na súa xestión. Posibilidade de prestación autonómica

Modelo prestación servizo

Un modelo de adhesión “VOLUNTARIA”

en colaboración con las entidades locais

Unha ALTERNATIVA para quen non a ten

A través de convenios de colaboración sen alteración da titularidade

Augas de Galicia **elaborará un informe** sobre:

- a situación técnica das infraestruturas
- a situación administrativa
- a estimación de custes de xestión
- a estimación de custes de inversión.

PROPOSTA DE CONDICIÓN DE XESTIÓN A INCORPORAR AO CONVENIO

Medidas de apoio aos concellos na súa xestión. Posibilidade de prestación autonómica

Modelo prestación servizo

Un modelo de adhesión “VOLUNTARIA”

en colaboración con las entidades locais

Unha ALTERNATIVA para quen non a ten

A través de convenios de colaboración sen alteración da titularidade


Para saneamento e depuración propoñerase o **volumen mensual ordinario e o punto de control**.

Se o sistema é supramunicipal → volumen e punto de control para cada Concello.

Se hai bombeos ou estruturas de regulación → volumes mensuais ordinarios para cada un.

Fixarase un coeficiente de xestión de saneamento en función da parte da rede de colectores que se asuma

Asunción EDAR
+ saneamento
(coef.)



Volumen mensual ordinario
Poboación, actividade empresarial e
Industrial, deseño e capacidade


Concello 2

Concello 1

Concello 3

Asunción ABAST.

Abastecemento en alta
AdG pode ser titular de concesións no caso de infraestruturas de abastecemento supramunicipal xestionadas e explotadas pola Administración hidráulica de Galicia



Medidas de apoio aos concellos na súa xestión. Posibilidade de prestación autonómica

Obras previas necesarias

Asociada á proposta de **condicións de xestión**

Financiamento:

fórmula

1/3 Concello (<20.000 hab)
1/3 Xunta
1/3 Outros

Augas de Galicia → **Proposta de convenio** coas entidades locais, fundamentada en criterios económicos e técnicos.

Terase en conta as dispoñibilidades orzamentarias de Augas de Galicia, das deputacións provinciais, doutras administracións e das propias entidades locais que sexan competentes para a prestación do servizo.

Medidas de apoio aos concellos na súa xestión. Posibilidade de prestación autonómica

Recuperación de custos

Modelo **IGUALITARIO**.

Mesma **TARIFA** para todos

VIABILIDADE técnica e financeira

Augas de Galicia contará con **PERSONAL TÉCNICO E APROVEITARÁ ECONOMÍAS DE ESCALA**

20/30% + Eficiente

Usuarios

Non se crean novos tributos

Substitución no que proceda:

Coefficiente de Vertido/
Taxa depuración



Canon xestión de depuradoras

Tasa de Rede de Sumidoiros



Canon xestión de redes de sto.

Tasa de abastecemento



Canon xestión de abastec.

Titulares servizos

Efecto **DISUASORIO** sobre usos urbanos

Penalización por:

exceso

Caudal ou

Contaminación

Réxime transitorio

Adaptación ao novo modelo das actuais explotacións de AdG

Gracias pola súa atención!!